

## AS TRADICIÓN ORAIS GALEGAS

### OBXECTIVO DO TRABALLO:

Moitas veces semella que a historia é algun lonxano e alleo a nos, sen decatarnos que nos, día a día, estamos a facer historia. Por outra banda, a sabedoría popular, a dos nosos devanceiros, a consideramos como moi pasada, aínda que a realidade de moi distinta.

Este traballo ten coma finalidade descubrir o saber dos nosos “avós” que perpetuaron historias, contos, narracións, tradicións, ... cunha transmisión oral, pero que por mor do noso xeito de vivir, están quedando esquivadas.

¡Tentemos recuperalas!

### QUÉ FACER?

- 1.- Os/as alumnos/as deberán entregar un só traballo por grupo, aínda que proporcional o seu volume ao número de membros do mesmo. Deberán presentar alomenos 10 fichas por persoa.
- 2.- A duración deste traballo será de tres avaliacións, aínda que con nota independente en cada un dos trimestres.
- 3.- Os traballos serán entregados 10 días antes da finalización da avaliación.
- 4.- Sería convinte gravar ás pesonas que narran as historias, cun vídeo ou un MP3.
- 5.- Cada grupo deberá presentar previamente varios modelos de fichas, segundo o tipo de historias que vaian atopando. Os modelos serán consensuados na aula entre tódolos compañeiros e o profesor director do traballo.  
  
Tampouco é preciso cubrir tódolos ocós das fichas pois as veces as historias non están moi documentadas.
- 6.- O traballo deberá ser redactado, preferentemente, en galego, aínda que é preciso respectar a lingua do narrador da mesma.
- 7.- Os grupos deben presentar unha ficha na que explican a organización interna do mesmo, é dicir, cal vai ser a ocupación de cada un deles: hai alumnos/as que teñen máis facilidade para debuxar, outros redactar, outros teñen avós que contan moitas historias, outros traballan ben no ordenador...